# GFFF

## GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL

25 · 26 · 27 OUTUBRO

Estimadx Colaboradorx,

Despois de meses de traballo, o pasado 27 de outubro demos por rematada a #1 edition do Galician Freaky Film Festival.

Poder realizar un evento cultural destas características supón o traballo e a implicación de numerosas persoas, institucións e empresas, as cales  aúnan os seus recursos para outorgarlle vida propia a un proxecto no que cren.

Grazas á túa axuda a última edición do noso festival foi quen de acadar o obxectivo que se propusera, este era: crear un festival de cinema freak e underground de referencia non so na cidade senón tamén no ámbito galego.

Para conseguilo o festival desenvolveu unha serie de actividades nas que destacamos:



## 01 CINEMA

A programación constou de 38 obras divididas en 7 bloques. Agrupadas por nacionalidade e por temática, expuxéronse traballos de orixe galega, nacional e internacional, e de xéneros como o humor, o terror ou a ciencia ficción, todo dentro do que consideramos "freak" ou serie B.






## 02 MÚSICA

O xoves,  Joao Tomba aparecéusenos a través do corpo de Indy Tumbita para ensinarnos o verdadeiro camiño do Rock and Roll durante a inauguración do festival.

O sábado, como broche final, Alfeizar levounos á súa gorida do amor. Coa súa lírica comarcal, o dúo vigués conseguiu que o festival terminase no máis alto.





## 03 ARTE

Josef Méndez, coñecido artista de "Horror Art" expuxo unha vintena das súas obras na Sala  Videodrome durante os tres días do Festival.

Os monstros e seres máis coñecidos do cinema de ciencia ficción e terror de todos os tempos cubriron as paredes da sala, converténdose no espazo de encontro perfecto entre unha proxección e a seguinte.

Ademais, puidemos gozar durante dúas xornadas de ver como pintaba in situ dúas obras novas.







## 04 NOSTALXIA

Catherine e Eileen foron as dúas máquinas recreativas que conviviron connosco na Sala e que fixeron as delicias dos más nostálxicos dos videoxogos.





## 05 PERFORMANCE (1)

Un ano máis contamos coa colaboración de Ricardo Spencer, artista de efectos especiais.
Xunto aos actores Rony Flamingo e Suso Cortegoso recrearon escenas da serie "The Walking Dead".
Na performance non faltaron os disparos nin as grandes doses de sangue e miolos.





## 05 PERFORMANCE (2)

Doutra banda, o noso Frontman, o Home Elefante, paseouse durante os tres días do festival pola Sala Videodrome, charlando con público e convidados.

Seres doutras galaxias asolagaron a sede do festival amenizando os intervalos entre unha proxección e outra.









## 06 CHARLAS

O chamamento que fixo o festival aos artistas do underground, xunto coa potente imaxe gráfica do mesmo, fixo que algúns dos directores das obras que se proxectaban achegásense ata Vigo para gozar do festival. Isto permitiu que antes e despois de varias proxeccións puidésense realizar coloquios entre eles e o público.





# O Galician Freaky Film en cifras

| 3 | +800 | 38 | 3 |
|---|---|---|---|
| DÍAS | ESPECTADORES | CURTAS | PREMIOS |

# Espazos de Visibilidade dos Colaboradores

## Soportes Gráficos: Photocall/Roll-Up

Situado de forma fixa no entrada a Sala Videdrome.



## Cartelería e Impresións: Carteis A1 e A3

500 unidades repartidas por
rúas, locais e negocios da cidade,
e na sede do festival.



## Cartelería e Impresións: A3 Concertos

100 unidades repartidas por rúas, locais e negocios da cidade, e na sede do festival.






Cartelería e Impresións: Programa de Man

Folleto con toda a información da programación do festival e da que imprimíronse 800 copias que se repartiron a cada un dos asistentes ao evento, e en locais e engocios da cidade.

Aparición na portada.






## Cartelería e Impresións: Programa de Man

Folleto con toda a información da programación do festival e da que imprimíronse 800 copias que se repartiron a cada un dos asistentes ao evento, e en locais e engocios da cidade.

Aparición na contraportada.






## Cartelería e Impresións: Flyer

Panfleto que se utilizou para promocionar o festival semanas antes do comezo do evento. Imprimíronse 1,500 unidades que se repartiron de forma masiva por negocios e locais da cidade.



## Redes Sociais (I): Facebook

Mención e vinculación ás súas respectivas redes sociais.






## Redes Sociais (II): Instagram

Mención e vinculación ás súas respectivas redes sociais.






## Redes Sociais (III)

Mención e vinculación destacada e exclusiva ás súas respectivas redes sociais.






## Web

Aparición do logotipo da marca de forma estática e fixa na web: https://galicianfreakyfestival.com/



# Cobertura do Evento

## PRENSA E MEDIOS DIXITAIS

Outros medios que se fixeron eco das nosas aventuras foron: Cinema Galego, Comunicación Galicia, Cultura de Galicia, Diario de Pontevedra, Galicia Digital, Galicia é, Galicia.info, Noticias Vigo, Ocio en Galicia, ¿Qué hacer en Vigo?, Revista Cousas, Vigo al Minuto, Vigo Film Office e Xornal de Galicia entre outros.

La Voz de Galicia

# «Coplillas por Bombai» y «9 Pasos» ganan en el festival de cine friki de Galicia

O neno do hórreo, de Diego López Curros, fue la mejor película de corta duración en la categoría más friki

DdeP

## Vigo repetirá en octubre como capital 'friki' de Galicia

EFE

19 JULIO 2018 20:15 H.

GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL · SERIE B · HORTERISMO · VIGO · CINE · CULTURA

El 'Galician Freaky Film Festival' seguirá teniendo como objetivo reivindicar el género autóctono que nació con la Movida Viguesa de Siniestro Total y Os Resentidos

## Frikismo en estado puro con 38 cortos, máquinas recreativas y un aplausómetro

El primer Galician Freaky Film Festival se celebra en Vigo del 25 al 27 de octubre - El evento incluye filmes extranjeros y tiene su propia cerveza

Amara Santos | Vigo | 19.10.2018 | 02:33

La Sala Videodrome, 38 cortos de serie B, dos conciertos, una exposición de pintura de terror, máquinas arcade, aplausómetro, todo ello con un peculiar estilo *freak* gallego. Estos son los ingredientes que componen la fórmula del éxito del "festival más gamberro de Galicia" y que han llevado a la celebración de la I edición del Galician Freaky Film Festival (GFFF) en Vigo. El año pasado el evento tuvo su primera toma de contacto en la ciudad, algo que sus organizadores bautizaron como "edición 0".




Juan de Castro (dcha.), el hombre elefante (centro) y Miriam. // C. Graña

## RADIO E TELEVISIÓN

CADENA SER

ONDA CERO

RADIO GALEGA

TELEVISIÓN DE GALICIA

LOCALIA TELEVIGO

Cadena Ser - Radio Vigo difundiu a palabra  freak en varias ocasións sobre todo no programa "Vigo, Hoy por Hoy". Tamén difundiron a nosa palabra en Radio Galega e Onda Cero.

Na TVG, fixémonos un oco tanto no Telexornal como no programa cultural  ZigZag.
En Localia- Televigo os informativos cubriron as nosas noticias en varias ocasións, ademais de que no programa "Plató Abierto" foron entrevistados o Home Elefante (Óscar Suárez/programador) e o director do certame, Juan de Castro.










De novo queremos agradecerche a túa confianza e apoio neste proxecto e nas persoas que o fan posible.

A nave do Galician Freaky Film Festival retorna ao seu planeta. Volveremos aterrar en Vigo moi pronto. Coa túa axuda será posible!

Para calquera dúbida ou información adicional contáctanos:
info@galicianfreakyfestival.com

/GalicianFreakyFilmFestival

/galicianfreakyfilmfest